

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A FUNDACIÓN CARLOS VELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXVI EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE-OUFF EN 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Fundación Carlos Velo** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a **sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da XXVI edición do Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF en 2021, que se desenvolverá do 24 de setembro ao 2 de outubro de 2021 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas dúas seccións oficiais competitivas: a de longametraxes e a sección de curtametraxes e ás que se suman as estreas mundiais nas sesións de apertura e clausura e programas complementarios coma o taller formativo "Fas Muvis" (concurso por equipos para a realización dunha peza audiovisual con duración determinada durante a celebración do evento); o "OUFF Escola", que tenta impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade aproveitando a creatividade audiovisual e o traballo en equipo así como potenciar o uso das tecnoloxías da información e comunicación nos centros de ensino; e os diferentes ciclos temáticos: "Inédito en Ourense", escolla de filmes inéditos no circuito comercial en Ourense; "Cine na cadea", escolla de filmes participantes no OUFF para ser ofertados no Centro Penitenciario de Aguiar; "Cine e Auga", filmes con referencia a auga en correspondencia coa aposta termal de Ourense; ou outros como "México documentais", "Panorama galego", "Cine Xacobeo", "Film Francophone D'Ánguolême"...

Os premios outorgados (Calpurnia de Honra, Calpurnia de Honra Internacional, Premios Especial OUFF2021, Premio Ourense, Premio Fundación AISGE, Premio OUFF Televisión, Premio Eduardo Barreiros), a exposición "Rodado en Ourense" e outras accións especiais como a presentación do estudo de xénero no audiovisual galego en colaboración coa Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios de Comunicación (CIMA), o impulso á terceira edición do Dicionario de Cine en Galicia 1896-2020, a presentación de publicacións de cine editadas en Galicia e España ao longo do ano, os roteiros de cine por lugares da provincia onde se desenvolveron rodaxes, entre outras iniciativas, completan o programa do OUFF 2021.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O Ourense Film Festival-OUFF é un dos acontecementos máis destacados en Galicia na súa especialidade, con aspiración histórica de significarse como o festival audiovisual por excelencia da comunidade autónoma; un festival que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira "cidade de cine" na que o público pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e cinematografías de prestixio internacional que abrangue numerosas nacionalidades, ao tempo que se erixe como un punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia.



En 2021 a Deputación de Ourense cédelle a marca OUFF e a organización do certame á Fundación Carlos Velo de cara a seguir apostando pola continuidade dun evento considerado o máis antigo de carácter internacional que se celebra en Galicia, cun selo diferencial que traspasa as propias fronteiras; un certame polo que pasaron, ao longo das 25 edicións celebradas, máis de 140 países dos cinco continentes e os máis destacados profesionais do eido audiovisual e durante o que se levaron a cabo numerosas mesas redondas, mercados, master class, encontros, conferencias, presentacións e cursos que foron convertendo o OUFF nun referente na promoción do cine español e, de forma destacada, do cine galego. Neste sentido, cómpre subliñar a decidida aposta do certame polo audiovisual galego, ao que sempre lle concedeu un gran protagonismo, servindo de grande escaparate e punto de encontro, xa dende as súas primeiras edicións, para a industria cinematográfica galega, sempre cun apartado propio no que se expoñen os traballos de produción ou coprodución galega en todos os formatos cinematográficos (longametraxes, animación, documental, curtametraxe, tvmovie...) e que se completan coa presentación de proxectos e rodaxes relacionadas con Galicia, ademais de contar coa presenza dos colectivos e as asociacións máis representativas do sector audiovisual galego.

A Agadic considera esencial a colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional. O esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que leva a cabo a través da organización deste evento, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria audiovisual que a Agadic realiza, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

